

LIÑAS XERAIS DA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL E ORZAMENTARIA

Claustro da UDC

03/12/2024

Estrutura da presentación

- O contexto financeiro da UDC
 - O Remanente de Tesouraría Non Afectado
 - O déficit estrutural
 - A execución de 2024
- Evolución prevista das principais magnitudes do orzamento
 - Ingresos non afectados
 - O Plan de Financiamento
 - Capítulo 3: Taxas, prezos públicos e outros
 - Gastos non afectados
 - Gastos de persoal
 - Gastos correntes en bens e servizos
- Medidas de reequilibrio
 - Alternativas para corrixir o déficit
 - O equilibrio orzamentario no próximo bienio
 - O equilibrio estrutural

O contexto financeiro da UDC

O Remanente de Tesouraría Non Afectado

- Remanente de Tesouraría = Fondos dispoñibles + Cobramentos pendentes – Pagamentos pendentes
 - Ao restarlle o Remanente de Tesouraría Afectado (fondos finalistas para os que a execución do gasto está pendente) obtense o **Remanente de Tesouraría Non Afectado**, que recolle o aforro acumulado:

CONCEPTO	LIQUIDADO 2023
1.(+) DEREITOS PENDENTES DE COBRO	20.918.049,07
2. (-) OBRIGAS PENDENTES DE PAGAMENTO	12.551.839,10
3. (+) FONDOS LÍQUIDOS	7.065.442,95
4. REMANENTE TOTAL DE TESOURARÍA	15.431.652,92
I. REMANENTE DE TESOURARÍA AFECTADO (INCORPORACIÓNS de 2023 a 2024)	28.569.070,43
II. REMANENTE DE TESOURARÍA NON AFECTADO	-13.137.417,51

- A liquidación do orzamento de 2023 da UDC amosa un remanente de tesouraría non afectado negativo de 13,1 millóns de euros, o cal obriga a elaborar un importante axuste plurianual.
- Non obstante, o remanente de tesouraría total positivo, de 15,4 millóns de euros, garante a solvencia da institución a curto e medio prazo.

O contexto financeiro da UDC

O déficit estrutural (I)

- **Déficit estrutural:** Insuficiencia de ingresos para atender os gastos, ou exceso dos gastos sobre os ingresos, a longo prazo, deixando de lado factores conxunturais.
 - Pode aproximarse como o exceso dos gastos sen financiamento afectado sobre os ingresos non finalistas

INGRESOS FINALISTAS ou AFECTADOS:
Destinados a atender gastos específicos.
Convenios para actividades (ERASMUS, Santander,...), para Inwestimentos (Infraestruturas, I+D+i, Campus); proxectos de investigación.

INGRESOS NON FINALISTAS: De libre disposición.

- Capítulo 3 (Matrículas, Custos Indirectos...) .
- Plan de financiamento (Capítulos 4 e 7).

GASTOS CON FINANCIAMIENTO AFECTADO:
Financiados, total ou parcialmente, con fondos específicos, condicionados.

GASTOS SEN FINANCIAMIENTO AFECTADO.

- Capítulo 1: Persoal.
- Capítulo 2: Gastos correntes en bens e servizos
- *Bolsas propias e Transferencias a consorcios (CISUG, CIXUG...), Capítulo 4.*
- *Infraestruturas e Investigación, Capítulo 6.*

O contexto financeiro da UDC

O déficit estrutural (II)

- Na liquidación de 2023 os ingresos non finalistas apenas cobren os gastos de persoal e en bens e servizos (Capítulos 1 e 2)

DEREITOS RECOÑECIDOS		OBRIGAS RECOÑECIDAS	
Plan de financiamento	114.227.927,00 €	C1 Gastos de persoal	111.010.876,67 €
Capítulo 3: Taxas e outros	<u>15.909.724,88 €</u>	C2 Gasto en bens e servizos	<u>18.405.794,78 €</u>
Ingresos non afectados	130.137.651,88 €	Gastos Caps. 1 e 2	129.416.671,45 €
DIFERENZA entre Ingresos non afectados e Gastos dos capítulos 1 e 2			
720.980,43 €			

O contexto financeiro da UDC

O déficit estrutural (III)

- Polo tanto, o déficit estrutural en 2023 equivale practicamente a todo o resto dos gastos non afectados

OUTROS GASTOS NON AFECTADOS NO ORZAMENTO 2023	
CAPÍTULO 3: GASTOS FINANCEIROS	35.000 €
TRANSFERENCIAS CORRENTES NON AF. (C.4)	3.053.903 €
Bolsas e axudas	1.450.210 €
Achegas a consorcios e outras entidades	1.603.693 €
CAPÍTULO 5: FONDODE CONTINXENCIA	580.000 €
INVESTIMENTOS REAIS NON AFECTADOS (C.6)	5.059.645 €
Inmobles e mobiliario	1.957.429 €
Outro inmovilizado (TIC, biblioteca)	1.030.303 €
Investigación	2.071.914 €
Outros (IVE)	502.000 €
CAPÍTULO 9 : PASIVOS FINANCEIROS	222.885 €
TOTAL	9.453.433 €

O contexto financeiro da UDC

A execución orzamentaria en 2024 (I)

- No exercicio 2024 persiste o desequilibrio estrutural, polo que está a medrar o remanente de tesouraría non afectado negativo
 - O crecemento vexetativo do gasto de persoal absorbe o incremento dos ingresos do Plan de Financiamento:

CONCEPTO	Liquidado 2023	Previsión 2024	Aumento
Ingresos Plan de financiamento	114.227.927,00 €	118.441.649,29 €	4.213.722,29 €
Gastos Persoal (C1)	111.155.942,65 €	115.092.672,96 €	3.936.730,31 €

- Non obstante, prevese unha moderación *do crecemento* do remanente non afectado negativo, por mor das medidas anunciadas no Claustro de abril

O contexto financeiro da UDC

A execución orzamentaria en 2024 (II)

- Execución das medidas anunciadas no Claustro de abril de 2024
 - A retención xeral do 30% dos créditos iniciais (excluídos os gastos de persoal, os que tiñan financiamento afectado, e os contratos vixentes).
 - As retencións iniciais foron de 3,3 millóns de euros, se ben, como se prevía, o efecto final é moito menor, en torno ao 50%, pola necesidade de atender os contratos vixentes
 - A liberación de créditos concentrouse no Capítulo 2
 - Traslado á administración autonómica de propostas de actuacións subvencionables a través de convenios, na procura de recursos adicionais
 - No Convenio de Equipamentos de I+D+i (2,4 millóns) sobre un 0,8 millóns destínase a financiar gastos xa comprometidos
 - Revisión dos investimentos en infraestruturas para axustalas ás posibilidades financeiras, na procura do aproveitamento máis eficiente dos recursos

O contexto financeiro da UDC

A execución orzamentaria en 2024 (III)

- Execución das medidas anunciadas no Claustro de abril de 2024
 - Revisión dos investimentos en infraestruturas para axustalas ás posibilidades financeiras da UDC, na procura do aproveitamento eficiente dos recursos
 - Revisión de Convenio de Infraestruturas, incorporando as seguintes actuacións comprometidas, urxentes ou inevitables
 - Adquisición do edificio de Batallones (0,8 millóns máis IVE)
 - Pagamento da parcela do EI3 (0,7 millóns de €).
 - Plan de rehabilitación integral e mellora enerxética (1,6 millóns de euros)
 - Inclúe a rehabilitación para a instalación de paneis fotovoltaicos, cambios a instalacións de climatización e de iluminación eficientes e o novo CPD con *freecooling* do ESCI

Evolución prevista dos Ingresos non afectados O Plan de Financiamento (I) : Evolución recente

- Achegas recibidas pola UDC do Plan de Financiamento do SUG

CONCEPTO	ACTUALIZACIÓN	LIQUIDADO 2022	LIQUIDADO 2023
PGFU. FINANCIAMENTO ESTRUTURAL. CUSTO ESTÁNDAR	MASA SALARIAL	73.012.332,50	75.579.253,78
PGFU. SUBFONDO PANEL DE INDICADORES DE RESULTADOS CAP. IV	PIB REAL	6.941.263,93	6.891.017,50
COMPLEMENTOS RETRIBUTIVOS E COMPENSACIÓN POR MATRÍCULA	Complementos vixentes	7.289.184,78	7.539.815,22
PGFU. SUBVENCIÓN CONSELLO SOCIAL	Constante	200.000,00	200.000,00
PGFU. SECRETARIA XERAL DEPORTES TRANSF.F. CC. D. E. F.	MASA SALARIAL & PIB REAL	2.562.100,83	3.467.213,59
PGFU. SERGAS: PRAZAS VINCULADAS	MASA SALARIAL	669.562,68	628.541,62
PGFU. PLAN DE ESTABILIDADE FINANCEIRA, EFICIENCIA E MELLORA ENERXÉTICA	5% de C. Est. & G. funcionam.	63.075,30	0,00
PGFU. FINANCIAMENTO NON CONDICIONADO. GASTO CORRENTE	Deflactor PIB	5.221.169,51	5.554.416,10
PGFU. FINANC. NON CONDICIONADO. GASTO MANTEMENTO INFRAESTRUTURA	Deflactor PIB	2.063.880,37	2.195.609,57
PGFU.SUBFONDO PANEL DE INDICADORES DE RESULTADOS CAP. VII	PIB real	7.241.468,70	7.189.048,96
PGFU. PLAN DE ESTABILIDADE FINANCEIRA, EFICIENCIA E MELLORA ENERXÉTICA	5% de C. Est. & G. funcionam.	4.762.234,67	4.983.010,66
TOTAL		110.026.273 €	114.227.927 €

Evolución prevista dos Ingresos non afectados

O Plan de Financiamento (II): Previsións

- Achegas previstas á UDC do Plan de Financiamento do SUG

CONCEPTO	ASIGNACIÓN INICIAL XUNTA		PROXECCIÓN
	2024	2025	2026
PGFU. FINANCIAMENTO ESTRUCTURAL. CUSTO ESTÁNDAR	77.584.659,36	80.775.142,52	82.440.168,07
PGFU. SUBFONDO PANEL DE INDICADORES DE RESULTADOS CAP. IV	7.222.193,55	7.263.768,32	7.305.582,42
COMPLEMENTOS RETRIBUTIVOS E COMPENSACIÓN POR MATRÍCULA	7.778.673,36	8.347.242,70	8.969.795,15
PGFU. SUBVENCIÓN CONSELLO SOCIAL	200.000,00	200.000,00	200.000,00
PGFU. SECRETARIA XERAL DEPORTES TRANSF.F. CC. D. E. F.	3.349.623,00	3.408.525,00	3.451.854,90
PGFU. SERGAS: PRAZAS VINCULADAS	1.049.445,80	999.380,40	951.703,45
PGFU. FINANCIAMENTO NON CONDICIONADO. GASTO CORRENTE	5.864.434,70	5.861.668,97	5.858.904,54
PGFU. FINANC. NON CONCONDIONADO. GASTO MANTEMENTO INFRAESTRUTURA	2.318.157,30	2.317.064,03	2.315.971,28
PGFU.SUBFONDO PANEL DE INDICADORES DE RESULTADOS CAP. VII	7.534.548,25	7.577.921,08	7.621.543,58
PGFU. PLAN DE ESTABILIDADE FINANCEIRA, EFICIENCIA E MELLORA ENERXÉTICA	5.099.709,67	5.259.232,33	5.377.849,63
TOTAL	118.001.445 €	122.009.945 €	124.493.373 €

- Estas asignacións non inclúen a repercusión dos incrementos salariais que aprobe o goberno (nin o 0,5% anunciado para xaneiro de 2025) que darán lugar a revisións á alza dos importes.
- A proxección de 2026 aplica ás subpartidas incrementos semellantes aos de 2025.

Evolución prevista dos Ingresos non afectados

Capítulo 3: Taxas, prezos públicos e outros

- Ingresos liquidados: Evolución recente

CONCEPTO	2022	2023
DEREITOS DE MATRÍCULA E PREZOS POR SERVIZOS ACADÉMICOS	12.293.628,38	11.986.106,02
CUSTOS INDIRECTOS	2.319.014,59	2.358.716,76
FACTURACIÓN SAI	374.115,60	407.458,87
LOCAIS E ACTIVIDADES	501.255,00	414.002,55
RESTO CAP. 3	703.749,11	743.440,68
TOTAL CAPÍTULO	16.191.762,68	15.909.724,88


- Previsións

- O comportamento recente da matrícula permite prever o mantemento deste ingresos nos próximos anos, a pesares do contexto demográfico desfavorable.
- No resto do capítulo prevese un crecemento moderado propiciado pola actualización de tarifas polo uso de instalación e realización de actividades.
- Así, aspírase a recuperar en 2025 os ingresos de 2022, mantendo ese crecemento en 2026.

Evolución prevista dos Gastos non afectados

Os gastos de persoal (I): Evolución a longo prazo

- O gasto de persoal en 2023 e 2024 está no nivel de 2009, descontado o efecto da inflación:



- En 2023 o incremento do gasto de persoal foi dun 5,4%, como consecuencia da actualización salarial dos empregados públicos (3%) e o crecemento vexetativo das remuneracións (recoñecemento de trienios e complementos), pois o número de efectivos non experimentou crecemento algún.

Evolución prevista dos Gastos non afectados

Os gastos de persoal (II): Evolución recente

- Nos últimos anos, o incremento vexetativo do Capítulo 1 absorbe todo o crecemento dos recursos procedentes do plan de financiamento:

CONCEPTO	Liquidado 2022	Liquidado 2023	Aumento 23-22	Previsión 2024	Aumento 24-23
Ingresos Plan de financiamento	110.026.273 €	114.227.927 €	4.201.654 €	118.441.649 €	4.213.722 €
Gastos Persoal (C1)	105.413.056 €	111.155.943 €	5.742.887 €	115.092.673 €	3.936.730 €

- A previsión de gasto para 2024 correspóndese coa masa salarial autorizada, que está moi axustada. A cantidade final podería ser algo superior por efecto dos complementos salariais concedidos (sexenios, de excelencia...).
- Non inclúe as prazas de axudante doutor financiadas con Programa María Goyri.

Evolución prevista dos Gastos non afectados

Os gastos de persoal (III): Previsións

- A situación financeira fai inescusable a contención en todo o gasto, incluído o de persoal, aínda que iso debe ser compatible coa estabilidade laboral e o dereito de promoción.
 - Ademais de polo orzamento, a masa salarial está limitada polos valores autorizados pola Xunta. O incremento autorizado para 2025 é dun 1,2% (adicional aos posibles incrementos salariais que aprobe o goberno). Isto é metade do 2,4% que supuxo no ano anterior.
- A pirámide poboacional do persoal fai prever un incremento das xubilacións nos próximos anos que, no caso do PDI, da pé á moderación do crecemento do capítulo 1:


Ano	2022	2023	2024	2025	2026	2027	2028	2029
PDI Xubilado Forzoso	9	14	8	16	22	30	24	37

- Nos últimos anos hai dúas veces máis xubilacións voluntarias que forzosas.
- Aínda tendo en conta a renovación xeracional da reposición, as estabilizacións e as promocións, estímase un efecto económico das xubilacións totais do PDI sobre 1 millón de € anuais no próximo bienio. Este factor debe contribuír a manter o crecemento da masa salarial dentro do reducido límite concedido.
 - Nos anos seguintes, espérase que se incremente notablemente o efecto económico, duplicándose en 2027.

Evolución prevista dos Gastos non afectados

Gastos correntes en bens e servizos (I): Evolución

- En 2023 o gasto corrente en bens e servizos incrementábase 2 millóns de € (12%) sobre o 2022, e ráchase o histórico equilibrio entre o Cap. 3 de ingresos e o Cap. 2 de gasto:



- Os incrementos son xeneralizados, destacando os do gasto en electricidade (sube 506.412 €), telecomunicacións (+283.583 €) e limpeza (+227.536 €).

Evolución prevista dos Gastos non afectados

Gastos correntes en bens e servizos: Previsións

- O incremento do gasto de 2023 foi inducido pola inflación, especialmente de 2022, e o forte axuste realizado dende 2009 deixa pouca marxe a reducións adicionais.
 - Proba do anterior é a evolución das retencións do 30% dos créditos neste capítulo en 2024, que inicialmente sumaban 1,8 millóns pero das que se liberaron xa dous terzos para atender necesidades ineludibles.
- O obxectivo destas medidas é ser quen de manter o nivel de gasto do ano en curso.
- Non obstante, cómpre profundar nas medidas de aforro, entre as que están:
 - Asumir como referencia no orzamento 2025 os créditos de 2024 tras a retención do 30%.
 - Ofreceuse aos centros distribuír os créditos iniciais entre partidas segundo as súas necesidades.
 - Manter unha política restritiva na renovación ou licitación de servizos, co principio de non incrementar o gasto, aínda que poda supoñer axustes no nivel de servizo.
 - A posta en marcha dos paneis fotovoltaicos instalados en 2024 suporá un aforro estimado de 0,25 millóns de € anuais.

Alternativas para corrixir o déficit

Equilibrio estrutural

- A longo prazo, o equilibrio orzamentario descansa sobre o equilibrio entre ingresos e gastos ordinarios, polo que as vías para acadalo son:
 - Redución de gastos sen financiamento afectado
 - O axuste no gasto é inescusable, e xa se abordou no exercicio en curso.
 - Dada a magnitude do RTNA negativo (equivale ao 8% do gasto liquidado, ao 12,2% do Capítulo 1 ou ao 73,2% do Cap. 2), non é factible corrixilo só mediante a redución do gasto.
 - Aumento de ingresos non finalistas
 - As previsións de incremento dos fondos non finalistas ata o ano 2026 (fin do plan de financiamento do SUG vixente) son modestas.
 - Ante a posibilidade de obter recursos adicionais (nomeadamente, para infraestruturas ou equipamentos), cómpre darlle absoluta prioridade á redución do déficit.
 - A orientación de fondos formalmente finalistas cara ao financiamento de actuacións necesarias ou prioritarias contribúe á redución do déficit. Estase a aplicar este enfoque aos convenios de infraestruturas e equipamentos.

Alternativas para corrixir o déficit

Medidas complementarias

- Os seguintes instrumentos non permiten por si mesmos acadar un equilibrio financeiro sostible, mais, con carácter puntual e complementario das medidas de reequilibrio estrutural, poden contribuír a equilibrar as contas
 - Venda de activos (inmobles, concesións, participacións sociais...)
 - Estas actuacións excepcionais permiten complementar os ingresos ordinarios mentres non se acada o equilibrio estrutural entre ingresos e gastos.
 - Debe ser autorizada polo Consello de Goberno e o Consello Social.
 - Débeda
 - Permite cubrir o déficit acumulado durante os anos de desequilibrio financeiro, concentrando a amortización da débeda unha vez superadas as dificultades.
 - Debe ser autorizada pola Xunta de Galicia. É un instrumento de difícil viabilidade no contexto das novas regras fiscais.

O equilibrio orzamentario no próximo bienio (I)

- Persiste o desequilibrio estrutural no próximo bienio:

	HIPÓTESES das proxeccións	2025	2026
CAPÍTULO 3 INGRESOS	Recuperación dos ingresos de 2022 en 2025, mantense o % de incremento no 2026	16.191.763	16.478.800
PLAN DE FINANCIAMENTO	Proxeccións do Plan sen incrementos retributivos	122.009.945	124.493.910
TOTAL INGRESOS NON AFECTADOS		138.201.708	140.972.710
CAPÍTULO 1 GASTOS DE PERSOAL	Masa salarial autorizada en 2025, mantense o % de incremento no 2026	116.478.460	117.880.932
C.2: G. CORR. EN BENS E SERVIZOS	Conxelación no gasto orzado en 2023 menos a retención neta de 2024	19.343.652	19.343.652
GASTOS NON AFECTADOS C3-C9	Mantéñense os do orzamento 2023	9.453.433	9.453.433
TOTAL GASTOS NON AFECTADOS		145.275.545	146.678.018
SUPERÁVIT/DÉFICIT ESTRUCTURAL		-7.073.837	-5.705.308

O equilibrio orzamentario no próximo bienio (II)

- Incluso no escenario de axustes apuntado, persiste o desequilibrio estrutural no próximo bienio.
- Existen ademais previsións de gastos extraordinarios que tenderían a incrementar o déficit:
 - O abono de atrasos por SS a investigadores dos programas Margarita Salas e María Zambrano e das actualizacións pendentes dos contratados de capítulo supoñen 0,85 millóns en 2025.
 - O Convenio de infraestruturas (achega da Xunta de 2,81 millóns) esixe un cofinanciamento de 1,12 millóns de € anuais.
- En consecuencia, a elaboración de orzamentos equilibrados nos dous próximos anos debe descansar nunha combinación dos seguintes instrumentos:
 - Orientar os recursos extraordinarios, principalmente convenios da administración, á redución do déficit.
 - Obter recursos extraordinarios da venda de activos, nomeadamente, bens inmoables.

O equilibrio estrutural

- A tendencia decrecente do desequilibrio estrutural permite aspirar a alcanzar o seu reequilibrio no bienio 2027-2028.
- Un axuste da magnitude do que nos ocupa deberá descansar, loxicamente, nos principais conceptos de ingreso e de gasto:
 - Pola banda dos ingresos, o plan de financiamento do SUG vixente remata no ano 2026, e o novo plan ten que contribuír a resolver o problema do déficit de financiamento estrutural a partir de 2027.
 - Polo lado dos gastos, a renovación xeracional do PDI proporcionará unha marxe considerable para a contención, especialmente a partir de 2027.